




CURSO 2023-24



Presentación do curso

CATEQUISTAS PARA SERVIR

Explicación catequética do lema do curso e do cartel

1. LEMA: CATEQUISTAS PARA SERVIR

O lema deste curso fai alusión á misión dos catequistas na Igrexa e no mundo: realizan un servizo e un ministerio pastoral imprescindible para a evanxelización, que asegura a transmisión da fe. “O seu obxectivo, como o seu propio nome indica, é facer resoar continuamente no corazón de cada catequizando o anuncio da Pascua, para que a súa vida sexa transformada. En tanto realidade dinámica e complexa ó servizo da Palabra de Deus, ela acompaña, educa e forma na fe e para a fe, introduce na celebración do Misterio, ilumina e interpreta a vida e a historia humana” (DC 55).

De modo que os catequistas están ó servizo da Palabra de Deus, para facela resoar de distintas maneiras, como un eco do primeiro anuncio e do kerigma, no interior das persoas que o recibiron e o acollerón na fe: anunciando de novo a Palabra, co fin de compartir e comunicar a propia fe; ou por medio dela, educando, ensinando ou formando na fe de maneira “básica e esencial”, “orgánica e sistemática” e “integral” (DC 71) cos diversos itinerarios de iniciación á vida cristiá ou de maduración permanente na fe.

2. ELEMENTOS DO CARTEL:

Botón de inicio ou “start”

Lémbranos o comezo do novo curso catequético, un novo punto de arranque en tantas comunidades parroquiais, pero tamén alude á posta en marcha do ministerio de catequista, que o Papa Francisco instituíu como un servizo pastoral estable para toda a Igrexa. Tamén nos invita á necesidade de comenzar novas técnicas e metodoloxías para poder renovar a nosa catequese. A novedade socio-cultural e eclesial do tempo presente esíxenos comenzar a facer algo novo: ante unha nova etapa evanxelizadora, novos catequistas e nova Catequese.

Páxina evanxélica do Prólogo de san Xoán

No cartel aparece a pasaxe emblemática do cuarto Evanxeo, onde se nos revela que “a Palabra fíxose carne e habitou entre nós” (Xn 1, 1-18). Hoxe o Papa Francisco e o novo Directorio para a catequese pídenos ós catequistas que realicemos unha catequese kerigmática: “unha catequese que sexa unha profundización do kerigma, que se vai facendo carne cada vez máis e mellor” (DC 58). Encarnar o kerigma é o obxectivo da nova catequese, isto é, axudar a que por medio das palabras do catequista a mesma Palabra de Deus se faga vida nas persoas e se deixen transformar segundo o Evanxeo de Xesús.

Debuxo dunha catequista con nenos e camiño de pegadas

A catequese está realizada fundamentalmente por mulleres catequistas, é un ministerio claramente feminino, e tanto na catequese como nos diversos itinerarios de iniciación cristiá participan habitualmente nenos, nenas e adolescentes. Un camiño con diversas etapas, no que os sacramentos da iniciación cristiá e o testemuño da fe dos catequistas van deixando a pegada da fe nos seus interlocutores. Hoxe, a catequese como eco do kerigma, pide ó catequista que entre nunha “dinámica recíproca de escoita e diálogo” na que, “xunto cos seus interlocutores, escoite de novo o Evanxeo” e comparta con eles a súa experiencia e camiño de fe (cf. DC 58-59).

3. RECORTES COS DISTINTOS ÁMBITOS DA TRANSMISIÓN DA FE:

A familia, a casa

“O fogar cristián é o lugar no que os fillos de Deus reciben o primeiro anuncio da fe. Por iso a casa familiar é chamada xustamente Igrexa doméstica, comunidade de gracia e de oración, escola de virtudes humanas e de caridade” (CEC 1666).

A familia ó igual que a Igrexa, é un espazo onde o Evanxeo é transmitido e dende onde este se irradia. A propia vida da familia faise itinerario doméstico e catequéxico de fe. Impregnando a vida doméstica da presencia de Cristo, a familia educa na fe, vivíndoa. “A familia é o lugar onde os pais se converten nos primeiros mestres da fe para os seus fillos” (AL 16). Os pais crentes, co

seu exemplo diario de vida, teñen a capacidade más atractiva de transmitir ós seus fillos a beleza da fe cristiá e non como un mero requisito ou cumprimento, senón coa convicción firme de que, alimentando a fe dos seus fillos, dean razón da fe que cren. O maior desafío neste caso é que os pais e nais, suxeitos activos da catequese, superen a mentalidade tan común de delegar a outros; esta misión correspónelles directamente a eles. Esta mentalidade é favorecida moitas veces pola mesma comunidade que fatigosamente trata de organizar a catequese cun estilo familiar e a partir das mesmas familias (cf. DC 124). Cando os pais, exercendo un verdadeiro ministerio catequístico, se esforzan en transmitir as principais cuestiós da fe, nun ambiente familiar impregnado de amor e respecto, deixan nos fillos unha pegada indeleble e para toda a vida.

Parroquia

“A comunidade cristiá é a orixe, o lugar e a meta da catequese” (DC333)

A parroquia é o lugar más significativo no que se forma e manifesta a comunidade cristiá. Ela é o ámbito ordinario onde se nace e se medra na fe. Constitúe un espazo moi adecuado para que o ministerio da Palabra exercido sexa nela, ó mesmo tempo, ensinanza, educación e experiencia vital (DGC 257).

“A comunidade é o ventre no que nace e medra a vocación específica ó servizo da catequese, é unha comunidade real, rica en dons e oportunidades, pero non exenta de límites e debilidades” (DC 133).

A comunidade que experimenta a força da fe e sabe vivir e testemuñar o amor, anuncia e educa dunha maneira sempre natural. Polo tanto, o lugar por excelencia para a formación do catequista, é a comunidade cristiá, coa variedade dos seus carismas e ministerios, é o ambiente natural no que se aprende e se vive a vida da fe. “Dentro da comunidade ten un papel particular o grupo de catequistas que, xunto cos sacerdotes, comparten mutuamente o camiño da fe e a experiencia pastoral, así medra a identidade do catequista e tómase conciencia do proxecto evanxelizador” (DC 134).

Como educador, o catequista tamén ten a función de mediar a pertenza á comunidade e de vivir o servizo da catequese como un estilo de comuñón. Así pois, o catequista leva a cabo este proceso educativo non individualmente, senón xunto coa comunidade e no seu nome. De aí que saiba traballar en

comuñón, buscando o acordo co grupo de catequistas e cos outros traballadores pastorais. Ademais, está chamado a coidar a calidade das relacóns e a animar as dinámicas do grupo de catequese (cf. DC 150).

Escola

“No contexto actual, en moitos casos, representa para os estudiantes a única ocasión de contacto coa mensaxe da fe” (DC 313).

A escola católica é un lugar moi relevante para a formación humana e cristiana. É suxeito eclesial que fai visible a misión da Igrexa, sobre todo no eido da educación e da cultura. Ten como punto de referencia a Igrexa particular. Non se pode polo tanto excluír ou marxinar, nin a súa identidade católica, nin o seu papel na evanxelización (cf. DC 311). O ministerio da Palabra pode exercitarse na escola católica de moitos modos, tendo en conta as diversas árees xeográficas e a identidade cultural dos destinatarios. Neste apartado merece tamén ser resaltada a ensinanza da relixión católica e a catequese. Aínda que as familias e os alumnos prefiren a escola católica pola calidade do proxecto formativo, a catequese e a ensinanza da relixión deber ser presentadas con todo o seu valor cultural e pedagóxico.

“A escola católica, ó empeñarse en promover ó ser humano na súa integridade, faino obedecendo á solicitude da Igrexa, coa certeza de que todos os seus valores humanos atoparán alí a súa plena realización e a súa unidade en Cristo” (DC 312). O vínculo entre a ensinanza da relixión na escola católica e a catequese é de distinción e complementariedade. A catequese “promove a adhesión persoal a Cristo e a madurez da vida cristiá. A ensinanza escolar, á súa vez, transmite ós alumnos os coñecementos sobre a identidade do cristianismo e da vida cristiá (DC 313). Como forma orixinal do ministerio da Palabra, a ensinanza relixiosa escolar fai presente o Evanxeo no proceso persoal de asimilación, sistemática e crítica, da cultura. No contexto actual, en moitos casos, representa para os estudiantes a única ocasión de contacto coa mensaxe da fe.

CELEBRACIÓN DO ENVÍO DE CATEQUISTAS

MONICIÓN DE ENTRADA

Baixo o lema “Catequistas para servir”, comezamos hoxe na nosa parroquia un novo curso da catequese, que é unha das tarefas más fermosas e propias da Igrexa, que ten como misión o anuncio do Evanxeo, da ledicia do Evanxeo. Así nolo recorda o Papa Francisco cando nos di: A ledicia de ser crente (e catequista) brota do encontro con Xesucristo. Os catequistas son elixidos para levar a cabo este servizo parroquial que o Papa Francisco quixo instituir na Igrexa como un novo ministerio pastoral, coa misión de encontrarse con Xesús e axudar aos catequizandos a facelo, no seo da nosa comunidade cristiá, sendo dóciles ao Espírito de Deus e no nome da Igrexa. Pedimos hoxe para nós e para eles saber vivir e comunicar a ledicia do Evanxeo.

Envío de catequistas

Despois da homilia, faise a monición ao rito de envío e o sacerdote convida aos catequistas a poñerse de pé, mentres o resto da asemblea permanece sentada.

CHAMADA E PRESENTACIÓN

Poñédevos en pé os que ides recibir a misión de catequista!

Os catequistas pónense de pé no seu sitio, mentres os fieis seguen sentados

MONICIÓN

Agora imos pedir ao Señor que alumee e acompañe a fermosa misión de transmitir a fe, que algúns membros da nosa comunidade, e no noso nome, van desempeñar durante este curso a nenos, xoves e adultos. Oremos con eles por eles.

EXHORTACIÓN DO SACERDOTE

Benqueridos catequistas: Encoméndasevos hoxe a fermosa e leda tarefa de comunicar a Xesucristo aos vosos catequizandos; sabemos que o faredes con entrega e xenerosidade, e tamén que o faredes con alegría.

Por iso, antes de ser enviados, é necesario que lembredes o voso propio bautismo e profesedes publicamente a vos fe, que xuntos invoquemos ao Espírito Santo para que vos asista e que vos comprometades a vivir fielmente a fe que estades chamados a transmitir.

PROFESIÓN DE FE E COMPROMISO:

Os catequistas poden acender unha vela do cirio pascual, que se atopará no presbiterio e achegarse ó entorno do altar.

- Credes en Deus Pai Todopoderoso, Creador do ceo e da terra?
Catequistas: **Si, creo.**
- Credes en Xesucristo, o seu único Fillo, o noso Señor, que naceu de Santa María Virxe, proclamou con obras admirables o Evanxeo de Deus, morreu, foi sepultado, resucitou de entre os mortos e está sentado á dereita do Pai?
Catequistas: **Si, creo.**
- Credes no Espírito Santo, na santa Igrexa católica, na comuñón dos santos, no perdón dos pecados, na resurrección dos mortos e na vida eterna?
Catequistas: **Si, creo.**
- Estades dispostos a realizar a vosa tarefa de catequistas vivindo a fe con sinceridade de corazón e proclamando de palabra e de obra o primeiro anuncio: XESUS RESUCITADO QUÉRETE E NUNCA TE ABANDONA, segundo o Evanxeo e a tradición da Igrexa?
Catequistas: **Si, estou disposto.**

- Procuraredes vivir a alegría de ser catequistas, coidando o encontro co Señor na oración e na Eucaristía da comunidade, buscando unha mellor formación para unha nova catequese en tempos novos?

Catequistas: **Si, procurarei.**

- Prometedes, coa axuda do Espírito Santo, perseverar na tarefa a pesar das dificultades, realizala con diliexencia segundo a vosa capacidade e buscar en todo o ben da Igrexa e daqueles que se vos encomandan?

Catequistas: **Si, prometo.**

BENDICIÓN DOS CATEQUISTAS:

Inclinádevos, pois, para pedir a forza do Espírito

*En silencio o sacerdote impón sobre os catequistas
as mans e di a continuación:*

Oh Deus, que enviaches o teu Fillo único
para revelarnos o misterio do teu amor!
Suplicámosche que derrames a túa bendición
sobre estes irmáns elixidos
para o ministerio de catequistas.
Axúdaos a meditar a túa Palabra
e a vivir centrados na Eucaristía,
para que sexan fieis testemuñas da fe
e mestres cribles do teu amor.
Fainos sementadores da alegría do Evanxeo
no corazón dos nenos,
adolescentes, xoves e adultos
que a túa Igrexa lles encomenda.
E concédelles un día o premio eterno
reservado aos traballadores da viña do Señor.
Por Xesucristo Noso Señor
Amén.

ORACIÓN DOS FIEIS

**Oremos a Deus Noso Pai
presentando confiadamente a nosa oración:**

- Pola Igrexa para que, seguindo os mandatos do Señor, acompañe ao mundo nos seus gozos e esperanzas, nas súas angustias e tristuras. *Oremos.*
- Polo Papa, os bispos e sacerdotes, chamados a acompañar ao pobo de Deus, para que desenvolvan o seu ministerio con prudencia e caridade. *Oremos.*
- Polos pais e nais dos catequizandos, para que os acompañen no itinerario catequéтиco sendo para eles exemplo de fe e de vida. *Oremos.*
- Polos catequistas, para que sirvan e acompañen con agarimo a aqueles que a comunidade lles encomenda. *Oremos.*
- Polos mozos e mozas, para que descubran a ledicia do Evanxeo e colaboren na renovación da sociedade e da Igrexa. *Oremos.*
- Pola nosa comunidade parroquial, para que sinta como súa a tarefa da catequese e acompañe coa oración a catequistas e catequizandos. *Oremos.*

**Deus de misericordia, acompaña os nosos pasos e
guía a nosa vida para que chegemos a Ti.**

Por Xesucristo, noso Señor. Amén.

MATERIAIS CATEQUÉTICOS

NENOS/AS 6-7 anos		
Catecismo “ <i>Mi encuentro con el Señor</i> ”	CEE	Castelán
Libro de actividades “ <i>Espertamos á fe</i> ”	Secret. Galicia	Galego/Castelán
Guía pedagógica “ <i>Despertamos a la fe</i> ”	Secret. Galicia	Castelán
NENOS/AS 7-9 anos		
Catecismo “ <i>Xesús é o Señor</i> ”	CEE	Galego/Castelán
Libro de actividades 1º ano “ <i>Creo en Xesús</i> ”	Sc. Galicia/PPC	Galego/Castelán
Libro de actividades 2º ano “ <i>Creo en Xesús</i> ”	Sc. Galicia/PPC	Galego/Castelán
Guía pedagógica 1º e 2º ano “ <i>Creo en Xesús</i> ”	Sc. Galicia/PPC	Castelán
PREPARACIÓN INTENSIVA 1ª COMUÑÓN		
Carpetas de actividades “ <i>Camiñamos ó encontro de Xesús</i> ”	Secret. Galicia	Galego/Castelán
Guía pedagógica “ <i>Camiñamos ó encontro de Xesús</i> ”	Secret. Galicia	Galego/Castelán
POSTCOMUÑÓN (10-14 anos)		
Catecismo “ <i>Testigos del Señor</i> ”	CEE	Castelán
Libro de activ. 1º “ <i>La Verdad que nos hace libres</i> ”	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Guía pedagógica 1º	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Libro de activ. 2º “ <i>El Camino que conduce al Padre</i> ”	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Guía pedagógica 2º	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Libro de activ. 3º “ <i>La Vida que nos colma de alegría</i> ”	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Guía pedagógica 3º	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Libro de activ. 4º “ <i>Somos testigos del Señor</i> ”	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Guía pedagógica 4º	Sc. Galicia/PPC	Castelán

Libro 1: "A Alianza de Deus connosco"	Sc. Galicia/PPC	Galego/Castelán
Libro 2: "Deus dános unha nova vida"	Sc. Galicia/PPC	Galego/Castelán
Libro 3: "O Reino de Deus"	Sc. Galicia/PPC	Galego/Castelán
Guía Pedagógica dos libros 1, 2 e 3	Sc. Galicia/PPC	Castelán

CONFIRMACIÓN

"El don del Espíritu" (preparación para la Confirm.)	Sc.Galicia/PPC	Castelán
Guía pedagógica	Sc.Galicia/PPC	Castelán
"Confirmados na fe" 1 e 2	Sc.Galicia/PPC	Galego/Castelán
Guía pedagógica	Sc.Galicia/PPC	Castelán
"Camino de fe" (para a confirmación de adultos)	Sc.Galicia/PPC	Castelán

CATEQUISTAS

"Escola de catequistas 1" (12 temas Cat. Fundamental)	Secret. Galicia	Galego/castelán
---	-----------------	-----------------

FAMILIA

"O bautismo do noso fillo" (5 temas prebautismais)	Secret. Galicia	Galego/castelán
Guía pedagógica "O bautismo do noso fillo"	Secret. Galicia	Galego/castelán
"O espertar relixioso" (3 temas para a familia)	Secret. Galicia	Galego/castelán
"Iniciación na fe" (3 temas para pais dos nenos 6-7 anos)	Secret. Galicia	Galego/castelán
"Encontro con Xesús" (3 temas pais nenos 7-9 anos)	Secret. Galicia	Galego/castelán
"Iniciación sacramental" (5 temas pais de 1ºComunión)	Secret. Galicia	Galego/castelán
Guía pedagógica dos folletos anteriores	Secret. Galicia	Castelán

COLECCIÓN "EN FAMILIA"

"Para orar... en familia"	Secret. Galicia	Galego/castelán
"O Credo... en familia"	Secret. Galicia	Galego
"Os Mandamentos... en familia"	Secret. Galicia	Galego

AUDIOVISUAIS

Vídeos e outros materiais en recursos.catequesisdegalicia.com



www.catequesisdegalicia.com
recursos.catequesisdegalicia.com